



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CIRCULAR 47-2013

- A todas as Delegacións (*)
 - A todos os asambleistas
 - A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada
- (*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO DE 5 KM EN RUTA E DAS CATEGORÍAS XUVENIL, JUNIOR, PROMESA E VETERANOS

6 de xullo. Riveira (A Coruña)

Art. 1) O sábado día 6 de xullo celebrarase na localidade de Riveira (A Coruña), nun circuito homologado pola Real Federación Española de Atletismo de 5 km en ruta, a cuarta edición do **Campionato Galego Absoluto en ruta de 5 km**, e das categorías **xuvenil, junior, promesa e veteranos**. O evento está organizado pola Federación Galega de Atletismo a través da súa Delegación en Santiago.

Art.2) Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías, que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2012/13) por algún Clube pertencente a Galicia.
2. Atletas con ficha pola FGA, aínda que pertezan a Clubes doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

**Según acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos Galegos.*

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA <https://isis.rfea.es/sirfea2/> con data límite o martes día **2 de xullo**, ata as 20.00 horas.

Art.4) Os atletas, deberán confirmala súa participación ata 30 minutos antes do comezo da proba. Una vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5) Os tres primeiros atletas clasificados absolutos e das categorías xuvenil, junior, promesa e de tódalas categorías de veteranos recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.6) Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles. Os dorsais serán entregados o sábado a **partir das 20:30 e ata ás 21:30** horas na secretaría do evento ubicada na zona do Malecón de Riveira (zona portuaria).

Art.7) A saída terá lugar ás **22:00** horas na zona do Malecón de Riveira (zona portuaria).

Art.8) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, puidendo ser esta denegada.

Art.9) Todo o non disposto neste regulamento resolverase pola normativa da Federación Galega de Atletismo, o no seu caso, pola propia da Real Federación Española de Atletismo.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 20 de xuño de 2013